



Propostas didácticas Educación Secundaria

Curso 2020 - 2021

DISPOSICIÓN PARA UNHA VISITA ESCOLAR SEGURA Ó MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

Coas novas medidas sanitarias e de seguridade pola COVID-19 o Museo de Belas Artes da Coruña establece as seguintes dinámicas relativas as visitas escolares:

- Os grupos escolares que nos visiten terán que ser sempre grupos de convivencia estable (“aulas-nido”): grupos estancos que cohabiten no espazo escolar das aulas. Deste xeito non recibiremos dúas aulas simultaneamente nin grupos compostos por particións de aulas.
- O número máximo establecido é de 30 persoas (contando cos/as profesores/as acompañantes). Se o grupo que nos visita é de máis de 20 persoas partirase en dous para facilitar o desprazamento polas salas do museo.
- As visitas durarán 1 hora e 15 minutos. Realizaranse en dúas quendas de mañán: ás 10:00 e ás 11:30. Deste xeito garantimos un tempo intermedio para que non haxa máis dun grupo de escolares coincidindo no espazo do museo. Pedimos así a máxima puntualidade.
- O grupo escolar terá que respetar a distancia de dous metros de calquera visitante ou traballador do museo.
- O alumnado e os/as responsables deberán levar a máscara durante toda a visita. En caso de que haxa algún caso individual no que exista unha xustificación de non levala por contraindicación médica o/a responsable do grupo terá que informar ó museo antes do día da visita.
- O/a profesor/a acompañante do grupo será en todo o momento responsable do cumprimento das normas e dinámicas aquí expostas.
- Ao entrar no Museo, o/a responsable do grupo se dirixirá ó mostrador para que se tome rexistro. Mentres se realiza este trámite o grupo deberá permanecer no espazo indicado polo persoal de atención ó público.
- As visitas serán dinamizadas alentando sempre a participación.
- Quedan suspendidos polo momento os talleres ou as dinámicas onde se manipulan obxectos.
- O servizo de consignas está fóra de servizo. Non se permite a entrada con bolsas, mochilas ou paraugas.



TÍTULO: **Mirar. Ver. Percibir.**

TIPO DE VISITA: Visita comentada

NIVEL: 1º, 2º, 3º, 4º ESO e Bacharelato

DURACIÓN: 1h e 15min

OBXECTIVOS:

- . Presentar o museo como un espazo de coñecemento da arte e da cultura
- . Coñecer os diferentes xéneros e estilos artísticos que están presentes na colección
- . Fomentar as opinións persoais e o gusto estético a través da observación e do diálogo
- . Pensar na visita ao museo como unha opción para o tempo de lecer

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Un percorrido adaptado aos distintos niveis de Secundaria no que, a través dunha escolma de obras, daremos a coñecer algunhas das pezas máis destacadas da colección do museo. Dun xeito ameno e atractivo, fomentando en todo momento a participación e o diálogo entre os alumnos, descubriremos as distintas lecturas que se lle poden dar a unha mesma obra de arte.

De xeito comprensivo, coñeceremos os distintos xéneros artísticos, estilos e épocas da historia da arte; desde o medievo ata os nosos días; afondando sobre os motivos que levaron aos artistas a crear as súas obra e dando unha visión transversal e sociolóxica do fenómeno artístico.

Aínda que a visita ten un carácter xeral, centrarémonos naquelas obras que resultan interesantes polas súas múltiples lecturas e reflexionaremos sobre o engano da mirada cando nos quedamos soamente na superficie do que vemos.

Durante o noso percorrido tentaremos en todo momento enlazar pasado e presente e estudar a obra no seu contexto orixinal para despois recontextualizalo; introducindo aspectos da contemporaneidade como o meme, o hastag ou o twit para así desvirtuar e traer a nosa actualidade a colección do museo.

Aproveitaremos para debater sobre certos aspectos como as modas, os canones de beleza, o mercado artístico, a publicidade, a democratización da arte... tentando crear pontes entre as obras do museo e a cotidianidade dos rapaces e rapazas que nos visitan.



TÍTULO: **Arte e Texto**

TIPO DE VISITA: Visita comentada

NIVEL: 1º, 2º, 3º, 4º ESO e Bacharelato

DURACIÓN: 1h e 15min

OBXECTIVOS:

- . Establecer un diálogo entre as artes plásticas e a literatura a través da observación e da lectura
- . Fomentar as opinións persoais e o gusto estético a través da observación e o debate
- . Pensar na visita ao museo como unha opción para o tempo de lecer
- . Promover o respecto e valoración cara o patrimonio cultural galego e internacional por parte dos alumnos

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Nesta actividade pensada para os alumnos e alumnas dos distintos niveis de Secundaria, o fío conductor será a vinculación entre as artes plásticas e o mundo das letras. Será un percorrido no que traballaremos a arte de xeito transversal. A historia da pintura e da escultura non se pode desvincular do que acontece noutras expresións artísticas distintas e moitos dos autores da nosa colección se viron inspirados dun xeito directo ou indirecto polo mundo das letras.

Partiremos dalgunhas das pezas de arte mitolóxica para reflexionar sobre as lendas e a tradición oral, procurando diferenzas e similitudes entre os cadros do museo e os textos nos que están baseados (*A Ilíada* de Homero ou *As Metamorfosis* de Ovidio), reflexionando sobre a perdurabilidade no tempo de textos da antigüidade. Continuaremos observando as pegadas da expresión oral (refróns, ditos, cantigas...) na arte do barroco e do neoclasicismo a través dos retratos monárquicos e os gravados de Goya. Falaremos da etapa do Rexurdimento, entroncando as obras dos artistas galegos de finais do s. XIX e do XX cos poemas de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal ou Curros Enríquez. Traballaremos coa paisaxe galega, protagonista de moitos dos cadros do

museo, que parece representar gráficamente o que os poetas e filósofos representaran anteriormente na escrita. Afondaremos na figura da escritora Emilia Pardo Bazán, cuxa pegada está presente de varias formas na colección. Remataremos o noso percorrido coa arte galega do século XX, somerxéndonos nos manifestos das vangardas artísticas, así como nos xogos literarios dalgúns dos movementos como o surrealismo ou as revistas culturais do primeiro tercio do século XX; como Ronser, Alfar, Nós ou Resol.



TÍTULO: ***Os gravados de Goya***

TIPO DE VISITA: Visita comentada

NIVEL: 1º, 2º, 3º, 4º ESO (Recomendado para 4º curso) e Bacharelato

DURACIÓN: 1 hora

OBXECTIVOS:

- . Achegarnos ao universo creativo e ao significado da obra dun dos artistas máis importantes da plástica española e europea
- . Introducir ao alumno no concepto de arte como documento histórico e como reflexo dunha determinada época, neste caso do paso do Antigo Réxime ao sistema liberal
- . Coñecer o procedemento creativo e as posibilidades expresivas e estéticas da técnica do gravado
- . Comprobar como a arte é unha ferramenta esencial para expresar ideas propias e como plataforma de denuncia das inxustizas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Achegarémonos á figura de Francisco de Goya a través das series de gravados que conserva o Museo de Belas Artes: *Reproduccións dos cadros de Velázquez, os Caprichos, os Desastres, os Disparates ou a Tauromaquia*.

Comezaremos o percorrido comentando os gravados que fixo Goya copiando os cadros de Velázquez para a súa difusión. Foi a partires deste encargo real, que Goya aprende a técnica e comeza a usar o gravado como vehículo fundamental da súa expresión artística.

Explicaremos quen era Goya, como foi a súa traxectoria e que transcendencia terá para moitos dos artistas que virán espóis. Tamén falaremos de como é a técnica do gravado e a importancia que tivo para a difusión de imaxes.


Os caprichos representan unha visión crítica en clave irónica da sociedade do Antigo Réxime. Goya fai, a través destas estampas, unha denuncia dos costumes sociais da época, na que se reflicte a súa defensa da ilustración e a súa ideoloxía liberal. Veremos como denuncia a ignorancia (*“si sabrá más el discípulo”*), as supersticións (*“lo que*

puede un sastre”), os privilexios e os malos costumes do clero (“*están calientes*”), a crueldade da Inquisición (“*aquellos polvos...*”), os abusos dos poderosos (“*se repulen*”), a miseria material e moral (“*a caza de dientes*”) ou a falta de liberdade (“*no hay quien los separe*”).

Unha serie de gran importancia dentro da obra de Goya son os *Desastres da guerra*, na que fai unha denuncia dos horrores como consecuencia dos conflitos bélicos, a través da súa visión sobre as guerras napoleónicas na Península Ibérica. Goya non toma partido, nestas imaxes non hai honra militar, nin bos nin malos, só imaxes de extrema crueldade e violencia. Nesta altura Goya actúa case como un repoteiro de guerra.

Goya vai dar continuidade o seu labor de gravador a través dunha serie de estampas coñecidas como os *Caprichos enfáticos*, a través dos cales denunciará o regreso do absolutismo e o castigo sufrido polos liberais unha vez rematada a guerra. Seres que adoptan formas animais para acentuar a súa falta de humanidade, sacerdotes na corda frouxa ou alegorías que representan á liberdade morta, son algunhas das singulares estampas desta etapa creativa.

No percorrido tamén comentaremos outras series de gravados presentes na colección do museo. *Os Disparates* son obra do Goya máis enigmático. Un Goya que nos traslada a un mundo escuro habitado por seres aberrantes e infernais. Por último, a través da serie *Tauromaquia* comprobaremos a excelente capacidade de debuxo, de análise das formas e de composición que converteron a Goya nun dos mellores artistas da súa época.



TÍTULO: *As mulleres no museo*

TIPO DE VISITA: Visita guiada

NIVEL: 1º, 2º, 3º, 4º ESO e Bacharelato

DURACIÓN: 1 hora e 15 min

OBXECTIVOS:

- . Achegarse a unha visión da historia da arte na que as mulleres son as protagonistas
- . Coñecer as dificultades que as mulleres tiveron ao longo da historia para ser recoñecidas profesionalmente como artistas
- . Descubrir exemplos de mulleres artistas da antigüidade e da contemporaneidade
- . Relacionar a arte con outros eidos culturais como a literatura
- . Reflexionar sobre moitas das mensaxes, non sempre explícitas, que as imaxes nos envían
- . Promover valores como a igualdade e a non discriminación por razóns sociais, raciais ou de xénero
- . Fomentar o debate e a reflexión en temas sociais que nos afectan a todos e todas

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE: Que papel xogan e xogaron as mulleres no mundo da arte? Esta será a cuestión fundamental que nos servirá como fío conductor e punto de arraque da visita. Centrarémonos en dous aspectos distintos: a representación artística da muller durante a historia da arte e o papel da muller como creadora.

Comezaremos o noso percorrido observando distintas obras onde veremos a representación da muller e reflexionaremos sobre a evolución que a súa imaxe tivo desde a antigüidade ata a actualidade. Veremos retratos de mulleres insignes da nobreza e a monarquía durante a idade moderna, percibiremos a ampliación do

universo feminino durante o século XIX, reflexionaremos sobre a evolución da moda e o que isto trouxo consigo (a aparición da estética das *femme fatales*, do look ao *garçon*, a chegada do pantalón ao armario feminino, etc), descubriremos a identificación da muller galega coa terra e a patria por parte dos pintores renovadores, e falaremos dos cambios, relativos, que supuxeron as vangardas artísticas na visión e a representación da muller.

Achegarémonos a figura da muller artista e o seu papel e evolución no mundo da historia da arte. Cantas mulleres artistas coñeces? Cres que na actualidade a muller ten, no eido creativo, as mesmas oportunidades que o home? Podemos falar de estética masculina e feminina na arte? Que papel xoga a publicidade no xeito de entender a representación da muller? Reflexionaremos e debatiremos sobre todas estas cuestións ao longo do noso percorrido.